



## Concello de Cuntis

**Expediente núm.:** 1334/2024

**Resolución con número e data establecidos á marxe**

**Procedemento:** Selección de persoal proceso de estabilización:

Características da praza.

Réxime acceso: PERSOAL LABORAL ( Tempo parcial )/Concurso

Denominación da praza:Mestre/a en educación de adultos

Grupo: II

**Asunto:** Aprobación da relación de aspirantes admitidos/as e excluídos/as

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

#### Antecedentes administrativos

**Primeiro.** Por Decreto de alcaldía núm. 2022-0403, de data 31 de maio do 2022, resolveuse aprobar a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal coa relación de prazas especificadas na devandita resolución.

**Segundo.** No BOPPO núm. 105, de data 2 de xuño do 2022, publicouse anuncio relativo á oferta de emprego público deste concello para a estabilización de emprego temporal ao amparo da Lei 20/2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público correspondente ao exercicio 2022.

**Terceiro.** Por Decreto de alcaldía núm. 2022-1024, de data 27 de decembro do 2022, resolveuse aprobar as Bases reguladoras das probas selectivas para a provisión das 18 prazas anteriormente referenciadas, así como convocar o proceso de estabilización de emprego de 2 prazas de persoal funcionario e 16 de persoal laboral.

**Cuarto.** No BOPPO núm. 249, de data 30 de decembro do 2022, publicouse anuncio relativo á convocatoria e bases xerais dos procesos selectivos para cubrir as prazas incluídas na oferta excepcional de emprego público para a estabilización do emprego temporal de longa duración deste concello.

**Quinto.** Por decreto de alcaldía núm. 2024-0616, de data 22 de agosto de 2024, procedeuse a aprobación das bases específicas reguladoras do proceso de estabilización do persoal do concello de Cuntis.

**Sexto.** No BOPPO núm. 174, de data 6 de setembro de 2024, publicouse anuncio relativo á aprobación das bases específicas reguladoras do proceso de selección para cobertura das prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria do 2022 para a estabilización do emprego temporal deste Concello.

**Septimo.** No DOGA núm. 181, de data 19 de setembro de 2024, publicouse anuncio da convocatoria para a estabilización de prazas de emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 e no BOE núm.239, de data 3 de outubro de 2024, publicouse anuncio coa resolución de 24 de setembro de 2024, referente a convocatoria para prover varias prazas na que se fixa o prazo para a presentación de solicitudes.

**Oitavo.** Vistas as solicitudes de participación presentadas no prazo establecido no apartado 4.2 das bases xerais dos procesos selectivos para cubrir as prazas incluídas na oferta excepcional de emprego publico para a estabilización do emprego temporal de longa duración deste Concello.





## Concello de Cuntis

### Fundamentos de dereito

**Primeiro.** Considerando o disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

**Segundo.** Vistos os criterios comúns para a elaboración das convocatorias de estabilización no emprego público local en Galicia asinados pola FEGAMP e os sindicatos CC.OO, CIG e UGT.

**Terceiro.** Visto que, subsidiariamente, considerase de aplicación a normativa estatal e autonómica relativa aos procesos de selección de persoal, en todo aquilo que non contraveña o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, e no acordo FEGAMP-Sindicatos.

**Cuarto.** Examinadas a convocatoria e bases específicas reguladoras do proceso de estabilización do persoal do concello de Cuntis.

**Quinto.** Considerando canto antecede, ao abeiro do establecido no artigo 21.1 letra g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local,

### RESOLVO

**Primeiro.** Aprobar a seguinte relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as para a seguinte praza:

Características da praza.

Réxime acceso: PERSOAL LABORAL ( Tempo parcial )/Concurso

Denominación da praza:Mestre/a en educación de adultos

Grupo: II

### Aspirantes admitidos/as:

|   | Apelidos e nome             | DNI       |
|---|-----------------------------|-----------|
| 1 | DIZ GARCÍA EVA MARIA        | ***1724** |
| 2 | GUDE TORREIRA MERCEDES      | ***3442** |
| 3 | TORRE RODRIGUEZ MARIA       | ***9690** |
| 4 | VELAY FERNÁNDEZ LUCIA MARIA | ***1802** |

### Aspirantes excluídos/as:

|   | Apelidos e nome               | DNI       | Motivo                                               |
|---|-------------------------------|-----------|------------------------------------------------------|
| 1 | GOMEZ RIVERA FRANCISCO MIGUEL | ***0287** | Solicitud mal cubierta( Punto 4.1. das bases xerais) |
| 2 | PEREZ ARGOS PILAR             | ***8844** | Solicitud mal cubierta( Punto 4.1. das bases xerais) |
| 3 | TORRES LOPEZ SANTIAGO         | ***1480** | Solicitud mal cubierta( Punto 4.1. das bases xerais) |





## Concello de Cuntis

---

**Segundo.** Outorgar ás persoas omitidas ou excluídas un prazo de dez (10) días hábiles para enmendar os erros ou os defectos que motivaron a súa omisión ou exclusión, a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución no Taboleiro de Edictos [<http://concellodecuntis.sedelectronica.gal>] e na páxina web municipal. Transcurrido dito prazo se procederá á aprobación e publicación da relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.

**Terceiro.** Facer pública a presente resolución mediante anuncio que se inserirá no Taboleiro de Edictos [<http://concellodecuntis.sedelectronica.gal>] e na páxina web municipal.

**Cuarto.** Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Persoal e á Intervención municipal e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

*Mándao e asíno o alcalde, na data indicada na marxe, do que como secretaria da corporación dou fe aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 letra "e" do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo.*

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE AO MARXE

